



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

ACTA DA SESION ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE BEADE, CELEBRADA O DIA 30 DE SETEMBRO DE 2025.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Beade, sendo as doce horas do día trinta de setembro de dous mil vinte e cinco, baixo a Presidencia de D. FERNANDO TABOADA GUNTÍN, reúnen-se en sesión pública os señores membros do Concello de Beade, que de seguido se citan, para celebrar sesión plenaria de carácter ordinario. Os membros asistentes son os seguintes:

D^a. GABRIELA PÉREZ COSTA

D. JORGE ANTONIO GONZÁLEZ ALARCÓN

D^a. SILVIA RODRÍGUEZ FERRO

D. MIGUEL ÁNGEL CARREIRO ESTÉVEZ

D^a. MARÍA DEL CARMEN RAMA COTELO

Non asiste D. Adán Formigo Sánchez. Os presentes están asistidos polo Secretario-Interventor Titular do Concello, D. PABLO FERNANDEZ LOUREIRO.

Antes de pasar a tratar os asuntos da Orde do Día. Polo grupo municipal socialista solicítase que se garde un minuto de silencio polas vítimas de Gaza., accedendo a elo o Sr. Alcalde.

Pásase a continuación a trata-los asuntos incluídos na Orde del Día, que resultan ser:

1.- APROBACION DO BORRADOR DA ACTA DA SESION CELEBRADA CON DATA 29 DE XULLO DE 2025.- Sometida a votación a aprobación da Acta da sesión, obtense o seguinte resultado: TRES (3) VOTOS a favor e DOUS (2) votos en contra, quedando aprobada a Acta da sesión do 29 de xullo de 2025.

2.- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.- Dase conta das Resolucións da Alcaldía remitidas aos membros do Pleno coa convocatoria da sesión.

3.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE ATAQUES FÍSICOS E VERBAIS A PARTIDOS POLÍTICOS, PROFESIONAIS DE MEDIOS...- Polo Sr. Carreiro Estévez explícase o sentido da moción, que se recolle a continuación:

MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO/ DEPUTACIÓN DE ...BEADE..... PARA A SÚA CONSIDERACIÓN, DEBATE E POSTERIOR APROBACIÓN POLO PLENO, INSTANDO Á CONDENA OS ATAQUES FÍSICOS E VERBAIS A PARTIDOS POLÍTICOS, CARGOS, PROFESIONAIS DOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN, ONGs, SINDICATOS.....

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No seu preámbulo, a Constitución Española sinala a vontade do pobo español de garantir a convivencia, mentres que o seu primeiro artigo establece que a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político son os valores superiores do noso ordenamento xurídico.

Por outra banda, o artigo 9º da Constitución Española, no seu apartado 2º establece que: "Correspóndelles aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social".



CONCELLO DE BEADE

P32011001

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Tel.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

Duns anos a esta parte, a convivencia está a ser ameazada por comportamentos inadmisibles nunha democracia, froito da máis absoluta intolerancia con quen pensa diferente, atacando claramente a liberdade e o pluralismo político. Son comportamentos que se focalizan no principal partido do Goberno de España e que, dunha forma totalmente antidemocrática, reflicten que non se asume o resultado electoral do 23 de xullo de 2023.

Eses comportamentos arrancan coa violencia verbal, en particular cara ao Presidente do Goberno, pero tamén cara a moitos membros do seu partido político. Violencia que se escoita desde as tribunas parlamentarias, nas comparecencias públicas e, de maneira moi virulenta, nas redes sociais con un acoso arrepiante, especialmente cando se dirixe a mulleres, cunha linguaxe denigrante que non se pode consentir.

A violencia verbal é o paso previo para que se produza a violencia física: dirixentes políticos hostigados nas redes ou na rúa; centos de sedes do Partido Socialista ultraxadas, nalgún caso con risco para a integridade física dos seus militantes; e tamén, agresións físicas a algún dirixente desa organización.

Esta violencia empezou a amosarse tamén en algunhas sedes do Partido Popular, como a de Huesca, o que recibiu a condena contundente por parte do PSOE.

En moitas ocasións, o hostigamento exercíase desde o anonimato; noutras, axitadores de ultradereita que se fan pasar por xornalistas (a soldo de pseudomedios de comunicación financiados con diñeiro público mediante publicidade institucional por

algunhas administracións), capaces de rebentar roldas de prensa no Congreso dos Deputados ou de non respectar a mínima intimidade de calquera persoa.

Este tipo de condutas non só se dirixen a políticos senón tamén a profesionais dos medios de comunicación, ONGs, sindicatos, plataformas cidadás, que son tamén obxecto de acoso físico ou nas redes, tentando amedrentar a quen, co amparo constitucional, quere exercer a súa liberdade de informar e opinar.

Os discursos agresivos e de odio son violencia verbal e o caldo de cultivo para a violencia física, pero hai outro comportamento que non podemos pasar por alto: o silencio, que pode entenderse como complicidade, e a falta de condena que se converte nunha acción connivente, por canto os violentos non senten ningún reproche moral polas súas accións.

Por outra banda, todo forma parte dunha estratexia para desmobilizar a parte da cidadanía á hora de votar e, o que tamén é gravísimo, disuadir a quen quere achegarse á política, como consecuencia do estado de medo que se pretende xerar, o que supón un grave atentado contra a democracia mesma.

Consideramos que estes feitos e actitudes son intolerables desde un punto de vista democrático, desde a defensa dos dereitos humanos e desde os valores da nosa Constitución.



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa.Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Tel.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

Por todo iso, o/a portavoz do Grupo Socialista no Pleno da... Deputación provincial/Concello de... somete ao Pleno da institución a presente

MOCIÓN

O Pleno do Concello/Deputación de ...:

1. Condena os ataques a partidos políticos, incluíndo o ataque ás súas sedes, o acoso físico e virtual e as agresións físicas aos seus cargos, entre os que destacan o recente da sede do Partido Popular en Huesca e os sufridos por máis de 200 sedes do Partido Socialista Obreiro Español, algún deles con explosivos caseiros como o acaecido na súa sede de Santander o pasado 25 de abril de 2025 ou a agresión sufrida polo Presidente do Consello Comarcal do Bierzo, o 12 de abril de 2024.
2. Rexeita os ataques de análoga natureza dirixidos contra profesionais dos medios de comunicación, ONG's, Sindicatos, Plataformas Ciudadás e contra calquera Ciudadán ou Ciudadá que de maneira libre e democrática quere participar nos debates públicos.
3. Denuncia que devanditos ataques forman parte dunha campaña orquestrada co fin de atacar as bases da convivencia democrática.
4. Comina ás formacións políticas a non usar mensaxes que só promoven o odio cara aos adversarios políticos e convida a traballar a todas as forzas políticas para expulsar do debate político o insulto e o odio en aras de reforzar a nosa convivencia e os valores democráticos que desde 1978 déronse e rexido a vida de todos os españois e quen convive connosco.

En...BEADE.....a ...16.... de setembro de 2025.

A Alcaldía móstrase a favor da oportunidade da moción e considérase unha das vítimas por recibir ameazas tanto en redes sociais como persoalmente, chegando a denunciar ameazas de morte.

Sometida a moción a votación, aprobouse por UNANIMIDADE.



CONCELLO DE BEADE

P32011001

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Tel.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

4.- MOCIÓN DO GEUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE O XENOCIDIO LEVADO A CABO POR ISRAEL EN GAZA E CISJORDANIA.- O

Sr. Carreiro Etévez explica o sentido da moción, que se recolle a continuación.

MIGUEL ANGEL CARREIRO ESTEVEZ, CONCEJAL EN ESTE AYUNTAMIENTO POR EL PSOE-PSdeGA, AL AMPARO DE LO ESTABLECIDO EN LA NORMATIVA APLICABLE, ELEVA AL PLENO DEL AYUNTAMIENTO PARA SU DEBATE Y APROBACION LA SIGUIENTE MOCION SOBRE EL GENOCIDIO LLEVADO A CABO POR ISRAEL EN GAZA Y CISJORDANIA.

EXPOSICION DE MOTIVOS:

EL 7 DE OCTUBRE DEL AÑO 2023 UNA HORRIBLE OPERACION MILITAR POR PARTE DE HAMAS PROVOCA EL ASESINATO DE 1250 PERSONAS DE ORIGEN ISRAELI Y EL SECUESTRO DE 250 PERSONAS MAS, TODO ELLO EN TIERRA JUDÍA. NO CABE DUDA DE QUE LO SUCEDIDO ES UN ATAQUE TERRORISTA EN TODA REGLA. A PARTIR DE AHÍ, EL EJERCITO ISRAELÍ COMANDADO POR EL GENOCIDA BENJAMIN NETANYAHU NO HA PARADO HASTA EL DIA DE LA FECHA DE COMETER ASESINATOS, MAS DE 60.000 PALESTINOS LA GRAN MAYORIA MUJERES Y NIÑOS. ESTO QUE EN OTRO LUGAR DEL PLANETA PODRIA SIGNIFICAR UNA GUERRA, AQUÍ CONCRETAMENTE SE LE DENOMINA GENOCIDIO PUES EL PUEBLO PALESTINO NO TIENE CAPACIDAD DE DEFENDERSE DE LA MAQUINARIA DE GUERRA JUDIA, APOYADA SIEMPRE CADA ATAQUE SOBRE LA FRANJA DE GAZA Y CISJORDANIA POR EL PRESIDENTE REPUBLICANO NORTEAMERICANO TRUMP. POR TODO ELLO EL GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA ELEVA AL PLENO ESTA MOCION PARA QUE VOTE LA ADOPCION DE ESTOS ACUERDOS:

- a) EL PLENO DEL AYUNTAMIENTO DE BEADE INSTA AL GOBIERNO DE ISRAEL A UN ALTO EL FUEGO PERMANENTE QUE PONGA FIN AL GENOCIDIO PALESTINO.
- b) EL PLENO DEL AYUNTAMIENTO DE BEADE SOLICITA AL GOBIERNO DE ISRAEL QUE DEJE PASAR LA AYUDA HUMANITARIA QUE SE AMONTONA EN LAS FRONTERAS DE GAZA CON EGIPTO E ISRAEL. ESTE BLOQUEO ESTA PROVOCANDO UNA HAMBRUNA SIN PRECEDENTES.

- c) QUE SE EJECUTE EL PLAN DE LA NACIONES UNIDAS, LA CUAL EN SU RESOLUCION 181, APROBADA YA EN EL AÑO 1947, SE RECOMENDABA UN PLAN DE PARTICION CON UNION ECONOMICA PARA RESOLVER EL CONFLICTO ENTRE JUDIOS Y ARABES EN LA REGION DE PALESTINA.

A Sra. Rama Coteló engade que a Alcaldía non realizou a declaración institucional sobre o tema que se solicitou no pasado Pleno, polo que considera adecuada traer a Pleno a moción.

A Alcaldía móstrase a favor da moción e en contra de todas as actitudes violentas.



CONCELLO DE BEADE

P32011OOI

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Tel.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

Antes de entrar no punto de rogos e preguntas, polo grupo municipal socialista preséntase unha moción de urxencia ao Pleno, sobre a cesión do furancho municipal a nova comisión de festas.

Sometida a urxencia da moción a votación, aprobase por CATRO (4) votos a favor e DÚAS (2) abstencións, quedando incluída na Orde do Día da sesión.

Polo grupo municipal socialista manifestase que a nova Comisión de Festas necesita un furancho para recadar fondos para realizar as festas do pobo. O pobo dá o que pode, pero con esas achegas particulares, incluíndo a municipal, non é suficiente para facer festas que satisfagan á veciñanza. A nova comisión necesita recadar diñeiro e a única solución é abrir un furancho. O Concello ten o espazo e como institución próxima ao pobo debe ceder ese local.

Pola representante de Avide amósase a súa conformidade coa moción e lembra que xa se fixo anteriormente.

A Alcaldía considera que pode tratarse de competencia desleal aos bares e locais de hostalería que xa existen no pobo. Non se pode prestar un espazo público para iso. Ademais, a ningunha Comisión deixóuselle xamais un local recentemente reformado polo Concello. Utilizáronse varios locais e non todas as Comisións tiveron furancho. Á anterior comisión sobroulle diñeiro e non necesitou un furancho.

Pola Sra. Pérez Costa engádese que as cotas actuais non dan para sufragar todos os gastos das festas e que se non é polo furancho a xente non poderá ter unhas festas en condicións. O furancho e as festas poderán xerar beneficio nos demais locais, incluídos os de hostalería, e beneficiaría a todos os veciños.

A Sra. Rama Cotelo considera que o Concello tense que involucrar e defender os intereses do pobo. Tamén debe comprenderse o que di Gabriela, que cunhas poucas achegas non chega. O furancho vai complementar á hostalería de Beade. Hai moitas instalacións municipais en Galicia que se ceden ás comisións de festas e moitas comisións fan actividades similares para recadar fondos e os veciños non se alarman.

O Sr. González Añarcón entende que a moción está ben, pero que a Comisión debe expor o que se quere facer para logo tomar unha decisión.

A representante de Avide é consciente de que a nova comisión quere facer algo así e non comprende por qué non se lle deixou. Considera que a xente de Beade está encantada con que se lle faga un furancho agora. Non se lle quita nada de beneficio a outros locais. De feito, os días de festa son a de máis ganancia para a hostalería. Non sabe por que os forestais, por exemplo, si que poden facer competencia desleal non indo durmir a hostais do pobo.

O Alcalde di que defende os intereses de tres empresas que traballan no pobo pagando impostos para ter unha actividade económica. A forma máis sinxela de saber se a competencia é desleal é falar cos tres hostaleiros. Para momentos puntuais entende que se preste o local, como xa se fai con outros locais do Concello. Outra cousa é abrir de maneira continuada no tempo un local que supoña un dano económico para o sector da hostalería, pero pódese preguntar aos hostaleiros que opinan.



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

O Sr. Carreiro Estévez intervéñ para manifestar que entende a preocupación do Alcalde, que adoita pasar moito tempo nos bares, e que corre o risco de defender intereses particulares.

A representante de Avide desexa que leve a efecto o que se acorde no Pleno. Engade que non só hai competencia desleal en hostalería. Non todas as adegas son legais, por exemplo. A festa é para todos os veciños, incluídos os hostaleiros.

A Sra. Pérez Costa apunta que sempre houbo furanchos e non pasou nada. Había convivencia entre bares e furanchos. Non sempre houbo furancho poque antes as festas eran máis pequenas, houbo a pandemia... pero agora é necesario.

Advirte o Sr. Secretario que, de adoptarse polo Pleno o acordo de cesión do furancho, logo haberá que estudar as condicións e asinar un acordo de cesión.

Sometida a votación a moción, obtense o seguinte resultado: CATRO (4) votos a favor, UNHA (1) abstención e UN (1) voto en contra, o do Sr. Alcalde, quedando, polo tanto, aprobada a moción.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.- Neste punto prodúcense as seguintes intervencións:

Pola representante de Avide:

Insiste na existencia dun xabaril morto despois dos incendios e pregunta se se coñece o protocolo de retirada, ao volver estar destapado.

Na resolución da Alcaldía de pago á Mancomunidad dos servizos de incendios e maquinaria non consta a cantidade.

Solicita o proxecto e memoria da obra das escolas (do encintado e do muro) e dos camiños municipais de Regadas.

Solicita copia da analítica da auga e saber onde se analizou e realizou a recolleita da auga.

En relación á planta solar, pregunta como se vai a levar a cabo a monitorización e como se vai a xestionar o tema.

Informa que as beirarrúas están en moi mal estado.

Pregunta cantas son as casas antigas cedidas ao Concello, sobre todo porque o Concello efectúa a limpeza de algunhas, e pregunta que vai facer con elas.

Pregunta en que repercutirá aos veciños colocar os contadores de auga. É Avide quen tivo que aclarar aos veciños as súas dúbidas e dar a información pertinente. Xa que persoal do Concello vai deixar de facer as lecturas, entende que haberá un aforro no peto dos veciños.

Pregunta onde se pode atopar as resolucións dos concursos de contratación de obras para coñecer toda a información e cantas empresas preséntanse.

O monte da Porriñeira estivo a ser limpadado parte por Simón Vázquez e parte polo Obradoiro. Quere coñecer a titularidade do mesmo.

Pregunta ao r. González Alarcón e Sra. Pérez Costa, como empresarios que son, se lles parece xusto que o cambio dun muro nas Escolas poida custar 20.000 euros e o encintado 36.000 euros. Pregunta que cambio hai no muro e se se aceptaron de primeiras



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

esas cantidades. A Alcaldía aclara que o custo total foi duns 15.000 euros. A representante de Avide solicita as facturas e a Alcaldía convídaa a revisar o expediente.

Informa que tamén se solicitará por escrito un pleno extraordinario sobre os incendios que ocorreron no Concello de Beade para falar íntegramente do tema.

A Alcaldía resposta o seguinte:

Foron os empregados do Concello a tentar enterrar ao xabaril e botarlle cal.

Agradece que se avisase que faltaba o dato na Resolución da Alcaldía.

As obras das escolas foron sobre 15.000 euros, debeu de haber algún malentendido.

Sobre calquera outra obra que se desexe, pode consultar o expediente.

A planta solar está pendente de empezar a funcionar coa autorización da empresa subministradora de enerxía. Cando se instala para dar uso ao edificio é máis sinxelo, pero cando ten que abastecer a tres lugares complicase polo procedemento administrativo. Despois poderán facilitarse os datos de produción eléctrica e funcionamento.

As beirarrúas pertencen a estradas, zona de afectación. Botouse algún parche que outro, pero está pendente o beneplácito de estradas para actuar.

Só hai unha casa cedida, a do Outeiro. Tiña moitos titulares e ninguén se facía cargo da limpeza.

Quixo Ridimoas ceder unha casa en ruínas, pero había que facerse cargo do mantemento, polo que o Concello está pendente do financiamento para saber se é capaz de mantela.

Sobre os contadores, a taxa trata de cubrir os gastos que ocasiona e agora nin sequera cóbreñse co recadado.

Repíte que os expedientes das obras están á súa disposición.

Houbo que limpar o monte da Porriñeira porque é moi confuso. Está mal catastrado. O cedido ao Concello era a parte limpa, pero as outras propiedades aparecen todas como a mesma e era un lio localizar aos donos. Apareceron os donos cando viron a limpeza e aceptaron que se lles pasase a factura. O Obradoiro non limpou alí, só o fixo o ano pasado.

Pregunta a representante de Avide en función de que barema o arquitecto as obras para cobrar os proxectos. Respóndese que cobra un fixo e tamén por proxecto e dirección de obra.

Engade a representante de Avide que quedou por contestar do Pleno anterior o tema da gala do Pazo de Toubes. Pregunta quen foi e quen o ía a pagar, pero xa comprobou que pagou o Concello nas Resolucións da Alcaldía. O Alcalde responde que acudiu el cos adegueiros. Os 800 euros son a parte que lle correspondía poñer a Beade pola organización do evento, igual que todos os demais Concellos do Ribeiro. Podía non haberse participado, pero non era boa idea.



CONCELLO DE BEADE

P32011001

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Tel.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

Polo-grupo municipal socialista:

Fai lectura dun escrito, que solicita que se inclúa na acta e que se reproduce a continuación.

SR. SECRETARIO .DESEARÍA QUE INCLUYESE EN EL ACTA DE ESTE PLENO ORDINARIO ESTE ESCRITO DIRIGIDO AL SR. ALCALDE.

EN PRIMER LUGAR ESTE GRUPO POLÍTICO,EL SOCIALISTA ,NOS GUSTARÍA QUE COMENZASE EL PLENO CON UN MINUTO DE SILENCIO POR RESPETO A LAS VICTIMAS GAZATÍES DE ESTE GENOCIDIO PERPETRADO POR EL GOBIERNO SIONISTA DEL PRIMER MINISTRO BENJAMIN NETANYAHU,ASÍ COMO A LAS 1200 VICTIMAS ISRAELÍES QUE FUERON ASESINADOS POR EL GRUPO TERRORISTA HAMAS HACE DOS AÑOS EN TERRITORIO ISRAELÍ.

SEGUIDAMENTE PROCEDO CON EL CONTENIDO A TRATAR EN MI TURNO DE PALABRA. EL DÍA 15 DE AGOSTO DEL AÑO EN CURSO SABEMOS TOD@S QUE EN LAS REGADAS Y EN BEADE HUBO UN FUEGO QUE CALCINÓ X HECTÁREAS DE MONTE INCLUYENDO PARTE SUSTANCIAL DEL MONTE DE RIDIMOAS.QUE POR CIERTO ME PREGUNTO SI ESTE GRUPO DE GOBIERNO VA A APOYAR A LA ASOCIACIÓN PRESIDIDA POR OITABEN.VOLVIENDO AL ASUNTO INCENDIO ME GUSTARÍA SABER SI ESTE FUE PROVOCADO O SE DEBIÓ A OTRO MOTIVO.SI MEDIO RURAL COSTATÓ ESTE DATO Y CUANTAS HECTÁREAS CALCULAN ELLOS QUE SE QUEMARON.

COMO ESTE GRUPO POLÍTICO CONSTATÓ IN SITU POR LA PRESENCIA DE CARMEN DESDE EL MINUTO 1 QUE LE DIO TIEMPO DE VENIR DESDE LA LOCALIDAD DE CARBALLO EN A CORUÑA,TRAYENDO CONSIGO UN AUTÉNTICO BOTIQUÍN PARA PRIMEROS AUXILIOS APARTE DE COMESTIBLES Y BEBIDAS PARA SURTIR A LAS PERSONAS QUE ESTABAN EN DEDICARSE A SOFOCAR LAS LLAMAS.

EL QUE SUSCRIBE DEBE DECIR QUE NO ESTUVO NI EL DÍA 15,NI 16 NI 17 DE AGOSTO POR MOTIVOS PURAMENTE LABORALES MUY A MI PESAR.

SIGUIENDO CON EL ASUNTO DEBO PREGUNTAR POR QUÉ HABÍA EN LA MANCOMUNIDAD 5 TODOTERRENOS BLANCOS,SEÑALO EL COLOR PORQUE SON LOS QUE SE UTILIZAN PARA ESTOS MENESTERES Y ESTABAN PARADOS SIN DARLE E USO PARA EL QUE FUERON COMPRADOS. CREO QUE DEBES DE DAR MUCHAS EXPLICACIONES A ESTE PLENARIO, PORQUE AUNQUE EL INCENDIO FUE HACE MÁS DE UN MES,CREO QUE NO DEBE DE OLVIDARSE PARA APRENDER DE CARA A FUTURAS DESGRACIAS.

UN ASUNTO MAS A TRATAR ES QUÉ CENTRO DE MANDO CREÓ ESTA ALCALDÍA PARA COORDINAR LOS TRABAJOS DE EXTINCIÓN,ASÍ COMO LA LOGÍSTICA .EXPLIQUE EN PLENO CON QUÉ MEDIOS SE SIRVIÓ PARA ATAJAR EL FUEGO,QUIÉN ESTABA AL FRENTE COORDINANDO LAS LABORES Y CUANTA CANTIDAD DE COMIDA Y BEBIDA SE PUSO A DISPOSICIÓN DE LA COMISIÓN DE FIESTAS PUES ELL@S SÍ QUE ME CONSTA LA ARDUA LABOR QUE LLEVARON A CABO , DESDE HACER BOCADILLOS Y ENTREGAR BEBIDAS ASÍ COMO PROVEERSE DE ELLAS PUES LO QUE TENÍAN PARA LA FIESTA ERA CLARAMENTE INSUFICIENTE.VISITARON GRAN CANTIDAD DE TIENDAS DE LA COMARCA Y PROVEEDORES DE BEBIDAS,DE SOBRA CONOCIDOS POR TOD@S.

ME Y TE PREGUNTO.OTRA VEZ CUANTO APORTÓ ESTA ALCALDÍA EN VÍVERES Y A QUIÉN SE LOS SUMINISTRÓ PARA QUE FUERAN REPARTIDOS.

PARTICULARMENTE YO SOLICITO QUE ABANDONES EL CARGO DE ALCALDE PORQUE NO HAS ESTADO A LA ALTURA DE TODAS ESTAS CIRCUNSTANCIAS ADVERSAS. ENTIENDO QUE ESTÁS CAPACITADO PARA GOBERNAR UN PUEBLO CUANDO LAS COSAS VIENEN DE CARA,CON VIENTO A FAVOR, PERO HAS DEMOSTRADO AL PUEBLO TU FALTA DE LIDERAZGO EN SITUACIONES ADVERSA S Y TU INCAPACIDAD PARA SOLVENTARLAS,CREO QUE ES MEJOR QUE TE VAYAS Y DEJES ESTE PUESTO A PERSONAS QUE ENTIENDEN LO QUE ES EL SERVICIO PÚBLICO DE UN ALCALDE PARA CON SUS VECINOS.

CREO QUE DEBO CAMBIAR DE ASUNTO PORQUE ESTO DEBERÍA DE HABER SIDO MATERIA PARA HABER CONVOCADO UN PLENO EXTRAORDINARIO MONOGRÁFICO DEDICADO AL FUEGO QUE ACECHÓ EL PUEBLO.



CONCELLO DE BEADE

P32011001

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Tel.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

HACE ESCASOS DÍAS FUI A VER COMO QUEDO LA LLAMADA "HUMANIZACIÓN" POR ESTA ALCALDÍA DE LA PLAZA DE LA OLIVEIRA. CREO QUE LO QUE TÚ ENTIENDES POR HUMANIZACIÓN ES DONAR UN ESPACIO PÚBLICO A CUATRO ALLEGADOS, FAMILIARES Y ALGUNA PERSONA QUE FUE EN LA LISTA ELECTORAL BAJO LAS SIGLAS DEL PP, PUES CREO QUE LO QUE HICISTES FUE UN APARCAMIENTO PARA LOS VECINOS DE LA PLAZA. ESO EN CUALQUIER PAÍS DE EUROPA SE LE LLAMA MALA PRAXIS, GASTAR DINERO PÚBLICO EN BENEFICIO DE UNOS POCOS. VERDADERAMENTE SI LA OBRA SE HUBIERA CEÑIDO A LO QUE ES EL VERDADERO SIGNIFICADO DE LA PALABRA HUMANIZACIÓN, ESTE GRUPO SOCIALISTA HUBIERA APLAUDIDO Y DÁNTE LOS PARABienes POR EJECUTAR UNA OBRA QUE BENEFICIA A TODO EL PUEBLO Y NO A UNOS POCOS AGRADECIENDO LOS SERVICIOS PRESTADOS EN LAS ELECCIONES MUNICIPALES DE HACE DOS AÑOS Y ALGO.

DÍCESE DE HUMANIZAR LA HUMANIZACIÓN DE UNA CALLE CUANDO SE REDISEÑA UN ESPACIO URBANO PARA HACERLO MÁS ACOGEDOR PARA LAS PERSONAS, PRIORIZANDO SU COMODIDAD Y BIENESTAR SOBRE EL TRÁFICO DE VEHÍCULOS, MEDIANTE LA INCLUSIÓN DE ELEMENTOS COMO VEGETACIÓN, ÁREAS DE DESCANSO, ILUMINACIÓN ADECUADA Y LA INTERACCIÓN DE ENTORNOS SEGUROS Y HABITABLES QUE FOMENTEN LA INTERACCIÓN SOCIAL Y EL DISFRUTE DEL ESPACIO PÚBLICO. EN ESTE CASO NO SE CUMPLE CON ABSOLUTAMENTE NINGUNA DE LAS CARACTERÍSTICAS ANTERIORMENTE SEÑALADAS.

EN TU PROGRAMA ELECTORAL HABLAS DE APOYAR DE ALGUNA MANERA O IMPULSAR LA CREACIÓN DE CASAS PARA ANCIANOS PARA QUE NO SE SIENTAN SÓLOS, O LO QUE ES LO MISMO MINI-ASILOS Y MINI-CASAS DE DÍA. YO LO ÚNICO QUE HE VISTO HASTA AHORA ES EL IMPULSO DE UNA PERSONA DEL PUEBLO PARA ACOGER EN UN INMUEBLE DE PROPIEDAD MUNICIPAL A 6 ANCIANOS Y QUE LA PROPUESTA NO FUE ADELANTE. CREO QUE SI PUSIESES UNA DÉCIMA PARTE DE EMPENO EN LO QUE LO PONES PARA ORGANIZAR EVENTOS PARA LOS NIÑOS, DE SEGURO QUE A ESTAS ALTURAS YA TENDRÍAMOS A ESTAS ALTURAS UNA O VARIAS VIVIENDAS COMUNITARIAS FUNCIONANDO A LA PERFECCIÓN, PERO ESTÁ CADA VEZ MÁS CLARO CUALES SON TUS PRIORIDADES Y NO LAS DEL PUEBLO. EN ESTE ASPECTO DEJAS, COMO EN CASI TODO, MUCHO QUE DESEAR.

NO SÉ SI TIENES UNA CASA EN PROPIEDAD EN EL PUEBLO, MI MADRE SÍ Y COMO ELLA LA GRAN MAYORÍA DE VECINOS. EL ANTERIOR REGIDOR SIEMPRE SE NEGÓ A BAJAR EL IBI PORQUE DECÍA QUE LOS IMPUESTOS SON NECESARIOS. YO NUNCA SE LO PUSE EN DUDA, PERO AHORA ME PODRÁS EXPLICAR POR QUÉ NO BAJAS EL IBI YA PARA EL PRÓXIMO PRESUPUESTO Y TE LO RAZONO: NO ES NORMAL QUE SE PAGUE SUSTANCIALMENTE MUCHO MÁS EN BEADE QUE POR LA MISMA CASA O SU PROPORCIÓN EN METROS CUADRADOS QUE EN LA CIUDAD DE VIGO, NO ES COMPARABLE NI DE LEJOS. ASÍ QUE NO ESTARÍA DE MÁS QUE DEL MÁXIMO PERMITIDO QUE SE ESTÁ PAGANDO AHORA PUES LO REDUJERAS ESTOS DOS AÑOS QUE TE QUEDAN PARA HACER LOS PRESUPUESTOS, HASTA LA MITAD DE LO QUE SE PAGA HOY EN DÍA. HABLANDO DE IMPUESTOS, EL MES DE AGOSTO SE COMENZARON A CAMBIAR LOS CONTADORES. PARECE QUE LOS QUE HABÍA ERAN TONTOS Y AHORA PASAN A SER INTELIGENTES. EXPLÍCANOS SI SABES, POR QUÉ ESTE CAMBIO CUANDO LOS QUE HABÍA ERAN CASI NUEVOS? ¿VA A IMPLICAR ESTO UNA SUBIDA DEL PRECIO DEL AGUA DENTRO DE UN AÑO, POR DAR UNA FECHA? ¿HUBO ALGÚN VECINO QUE PUSIESE ALGÚN IMPEDIMENTO AL CAMBIO? SI ASÍ FUE ¿QUÉ SOLUCIÓN SE LE DIO?

AHORA QUE TENEMOS FUNCIONARIOS SUFICIENTES DESEARÍA QUE TODAS LOS IMPUESTOS QUE SE VEAN OBLIGADOS A PAGAR LOS VECINOS, VENGAN DETALLADOS CLARAMENTE EN SUS LECTURAS. QUE EL AGUA TENGA UNA LECTURA ANTERIOR Y OTRA ACTUAL, POR CUANTOS METROS CÚBICOS SE PAGA Y EL PRECIO DE COSTO MAS EL CANON DE LA XUNTA. TAMBIÉN EL IBI EN DONDE ESPECIFIQUE EL TIPO DE PORCENTAJE QUE SE PAGA. EN DEFINITIVA QUE EL CONTRIBUYENTE TENGA TODA LA INFORMACIÓN QUE LEGALMENTE SE LE PUEDA DAR, PARA SU INTERÉS.

PRÓXIMAMENTE COMENZARÁ LA ÉPOCA DE CAZA. SABEMOS QUE ES UNA ACTIVIDAD QUE TIENE MUCHOS DETRACTORES ASÍ COMO SEGUIDORES. EN BEADE SÍ HUBO ÉPOCAS QUE HABÍA



CONCELLO DE BEADE

P32011001

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Tel.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

MUCHO CAZADOR, PERO HOY EN DÍA NO ES ASÍ. SOBRE TODO PORQUE DESPUÉS DEL INCENDIO SEGURAMENTE HABRÁ POCAS PIEZAS CINEGÉTICAS QUIERO PEDIRTE QUE TOQUES LA PUERTA DEL ORGANISMO COMPETENCIAL PARA QUE POR LO MENOS DURANTE ESTE AÑO NO SE PERMITA LA CAZA EN TODO EL RIBEIRO O A LO MENOS EN UN AREA DE INFLUENCIA QUE SEA LO SUFICIENTEMENTE GRANDE PARA QUE LOS ANIMALES DEL MONTE TENGAN ALGUNA OPCIÓN DE SUPERVIVENCIA.

OTRO ASUNTO A TRATAR Y QUE YA ES VIEJO CONOCIDO ES NI MÁS NI MENOS QUE LO QUE CONCIERNE A LA CONSELLERÍA DE SANIDAD POR LO QUE RESPECTA A "HADO" DESPUÉS DE TANTOS AÑOS QUE SE LLEVA SOLICITADO NO ES NORMAL QUE NO SE HAYA OBTENIDO UNA RESPUESTA POR PARTE DE LA CONSELLERÍA, O POR LO MENOS NUNCA SE DIO INFORMACIÓN AL RESPECTO.

LOS COCHES PASAN A MUCHO MÁS DE K/H POR EL MEDIO DEL PUEBLO. COMO NO HACEN CASO A LAS SEÑALIZACIONES CREO QUE SERÍA CONVENIENTE PONER EL LLAMADO "GUARDIA TUMBADO". CREO QUE YA LO HEMOS TRATADO EN ALGUNA OCASIÓN Y DE ESTA VUELTA ESTARÍA BIEN QUE TE LO TOMASES EN MÁS EN SERIO PUES NO ES ASUNTO MENOR. SEGUIMOS COMPROBANDO QUE LOS HORARIOS DE ENTRADA Y SALIDA DEL FUNCIONARIADO SIGUE SIN CUMPLIRSE, ES MÁS, ME ATREVERÍA A DECIR QUE SE LO PASAN POR EL CANAL DE SUEZ LA OBLIGATORIEDAD DE CUMPLIR CON UN HORARIO Y EN ESTE ASUNTO ENTRA TU RESPONSABILIDAD Y COMPROMISO ELECTORAL. CON EL ANTIGUO HORARIO, VERGONZOSO, Y QUE DURÓ HASTA LA LLEGADA DEL NO FASCISMO A ESTE PUEBLO, LOS FUNCIONARIOS TENÍAN LA CARA COMO EL CEMENTO DE ENTRAR A LAS 09.00 Y SALIR A LAS 13.00 H. HOY EN DÍA LA SENSACIÓN QUE DA CUANDO UNO ENTRA EN LA CASA DEL AYUNTAMIENTO ES DE UN COMPLETO CARENCIA DE CONTROL SOBRE TODO. NO DIGO QUE LOS FUNCIONARIOS NO HAGAN SU TRABAJO, NO ME REFIERO A ELLO, SIMPLEMENTE LA SENSACIÓN ES DE AUSENCIA DE UNA CABEZA VISIBLE DE MANDO, PORQUE CREO QUE HEMOS PASADO DE UN MUNICIPIO FASCISTA A UN ANÁRQUICO, ESA ES LA PALABRA QUE DEFINE PERFECTAMENTE EL ESTADO EN QUE BEADE SE ENCUENTRA AHORA MISMO, SALVO EN LA CELEBRACIÓN DE LOS PLENOS ORDINARIOS EN DONDE TU AUSENCIA DE LIDERAZGO COMO ALCALDE LO SUPLES CON EL AQUÍ ORDENO Y MANDO, Y ESO LEJOS DE CALMAR LOS ÁNIMOS LOS ENERVA MÁS. LA TONTERÍA QUE TE GASTAS NO CONTESTANDO A LAS PREGUNTAS QUE SE TE VAN HACIENDO, DENOTA EN TI UNA AUSENCIA TOTAL DE EMPATÍA CON LOS CONCEJALES DE LA OPOSICIÓN QUE NUNCA TE DIERON MOTIVO ALGUNO PARA QUE ACTUES DE ESA MANERA ABSURDA DE CONTESTAR LAS PREGUNTAS CUANDO TE VENGA EN GANA. YO NO TENGO GANAS DE CHARLAR CONTIGO EN LOS PLENOS, SOLO QUE RESPONDAS LO MÁS CLARAMENTE POSIBLE A LO QUE SE TE PREGUNTA, NI SIQUIERA ME TOMARÍA UN CAFÉ A TU LADO, ESO ES PARA QUE VEAS LAS GANAS QUE TENGO DE INTERACTUAR CONTIGO. CUANDO ENTRASTES COMO ALCALDE ERAS UN ABSOLUTO IGNORANTE DE LA VIDA MUNICIPAL, QUERÍAS DAR CANCHA AL PÚBLICO Y ASÍ TODO MUY BONITO, PERO TU MISOGINIA ACHANTADA SALIÓ A RELUCIR Y LA GENTE SE ENERVÓ, CON RAZÓN. SOLO SABES DAR PUÑETAZOS EN LA MESA Y ESO NO ES ASÍ. CON ESTO QUIERO DECIRTE QUE NO SIRVES COMO MODERADOR.

POR LO QUE RESPECTA A LOS GASTOS POR DESPLAZAMIENTO, FIJÁNDOME UN POCO EN LOS GASTOS QUE DICES QUE JUSTIFICAS EN COMBUSTIBLE, SE ME HACE DIFÍCIL CREERTE. TODOS TENEMOS UN COCHE MEJOR O PEOR PERO SÍ SABEMOS LO QUE VENIMOS GASTANDO EN CARBURANTE Y YO CREO QUE ESTÁS INFLANDO LAS FACTURAS PARA ASÍ DE ESTA MANERA COBRAR MÁS DINERO DEL DEBIDO POR GASTOS DE DESPLAZAMIENTO. SE ME ANTOJA EXAGERADO EL DINERO QUE COBRAS.

AHORA POR LAS VENDIMIAS SALIÓ EN LA PRENSA ESCRITA QUE VARIOS POLÍTICOS DE LA ZONA DEL RIBEIRO SE ENTREVISTARON CON ALGÚN RESPONSABLE DE LA INSPECCIÓN DE TRABAJO. ME GUSTARÍA NOS CONTASES QUE OS HABÉIS TRAILO DE ESA REUNIÓN QUE PUEDA SER BUENO PARA NUESTROS INTERESES.

LE PUSISTES COMO EJEMPLO QUE TÚ TAMBIÉN ESTUVISTE EN UNA VENDIMIA TRABAJANDO PARA UNA BODEGA DE UNA PERSONA CERCANA A TI? PORQUE VIÉNDOTE EN EL TRACTOR



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Tel.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

SUBIDO A LA CAJA ME RECORDASTES A FEIJOO APAGANDO UN INCENDIO CON UNA MANGUERA DE JARDÍN? LE EXPLICASTES SI AQUELLA EXPERIENCIA PODIERA HABER SIDO OBJETO DE SANCIÓN?

SE HABLA MUCHO DE LA ESPAÑA VACIADA, DEL BEADE VACÍO O MEDIO VACÍO, PERO NO SE HABLA DEMASIADO DE LO QUE HAY QUE PAGAR AL AYUNTAMIENTO POR EL ENGANCHE DEL AGUA AL AYUNTAMIENTO, QUE CREO SON 400 EUROS. ¿TIENES PLANTEADO BAJAR ESA TASA A UN NIVEL ACORDE A DONDE VIVIMOS?

YA POR ÚLTIMO SABER POR QUÉ BEADE NO SE SUMÓ A LA INICIATIVA PROPUESTA POR LA DIPUTACIÓN DE OURENSE DE BAJAR EL IMPUESTO DE LA BASURA A AQUELLAS FAMILIAS QUE HAGAN COMPOST EN CASA? TE DIRÉ QUE MÁS DE CINCUENTA AYUNTAMIENTOS SE HAN SUMADO A ESA INICIATIVA.

MUCHAS GRACIAS.

O Sr. Carreiro Estévez engade que o Alcalde é un misóxino e solicita o abandono do posto.

A Alcaldía responde o seguinte:

Terase en conta a solicitude de apoio financeiro a Ridimoas.

Medio Rural non deu datos da intenciónalidade dos incendios.

As pick-ups son as que utilizan as brigadas. As brigadas estaban a traballar e desprazadas. Serían outros vehículos os que se viron.

Os medios da Mancomunidade estaban desprazados aos incendios de Verín porque pouco antes pediron medios ás entidades locais. Non é verdade que houbera medios sen moverse.

Sí que había un centro de mando no centro do lume. Había contacto cos voluntarios e membros da Corporación. Fíxose un traballo moi grande e moi bo por parte de medio pobo.

As facturas de comidas, víveres, auga e gasóleo pódense facilitar. Ademais, díxose a todo o mundo que trouxese as súas facturas para que fosen resarcidas. Comunicouse en Facebook.

A representante de Avide engade que foron os veciños os que tiveron que facelo todo e que o Alcalde mente.

A Alcaldía continúa respondendo que se fixeron xornadas maratonianas na loita contra os incendios. Analizárase todo o pormenorizado que a oposición queira no pleno extraordinario.



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

En canto á Casa do Maior, se aquí non se puxeran pegas, estaría aberta hoxe. A responsable xa tiña todo preparado para facela, pero puxéronse moitas pegas.

No recibo do IBI vén recollido que se paga unha porcentaxe do 0,7% do valor catastral. Os ingresos dos que dispón o Concello son os que son. Fóra do IBI non hai outra fonte de ingresos regular. Quen xestiona contabilidade di que non ten cabida a rebaixa porque é a fonte de ingresos do Concello. Hai que ter cuberto con ingresos propios unha serie de gastos. E algúns gastos son fixos e non queda máis que empregar esa fonte de ingresos.

A normativa de contadores implica ter que poñer todos os contadores telemáticos, non é un invento do Concello. Para que aos propietarios lles saíse máis barato accedese á subvención da Deputación.

Os recibos da auga veñen coa lectura anterior, a lectura actual e os tramos.

O Sr. Carrero Estévez solicita que se envíen os recibos a casa dos veciños que o teñan domiciliado. Intervén o Secretario para indicar que no recibo bancario non se detalla o recibo. Os recibos domiciliados non se adoitan enviar a non ser que se solicite. Sería ideal que se achegase un correo electrónico para abaratar custos e remitir os recibos, xa que cada carta enviada costa dous euros.

Sobre a hospitalización a domicilio, preguntouse no seu día, pero se volverá preguntar.

Houbo veciños que se opuxeron ao cambio de contador e non se lles vai a cambiar salvo que rectifiquen.

Hai Concellos que teñen conveniado coa Deputación a recollida de lixo; Beade non o ten conveniado con eles, senón coa Mancomunidade, que ten outra normativa.

Solicitouse a Estradas por escrito a regulación da velocidade. Non se permite por Estradas a instalación de gardas tombados, xa que alegou que non o consideraban oportuno porque xa existían medidas de seguridade suficientes.

Indica que todos os días pasa pola Casa do concello, aínda que é certo que fai saídas para ver obras ou fai outras actividades. Pasa máis horas no Concello que as vinte semanais que lle tocarían pola súa dedicación.

As dietas por desprazamento están fixadas por quilómetros. Hai desprazamentos dentro do pobo que non se cobran. Cóbranse 30 euros por día e 0,26 euros por quilómetro percorrido.

Sobre a visita de inspección de traballo, informouse verbalmente das actividades permitidas. Só houbo catro inspeccións en todo o Ribeiro e tres delas foron en Beade. Indicouse que se pode levar a veciños. Expúxose que non era necesario que acudisen acompañados na inspección de Gardas Cívís.

Sobre os enganches de auga, hai sobre un ao ano como moito. A xente adoita comprar casas con auga xa enganchada. A ninguén lle debería botar para atrás ese prezo para pagar. Ao Concello xeralmente cústalle máis levar a auga que eses 400 euros.

A Sra. Rama Coteló felicita a Miguel e Alejandro Lodeiro pola sentada que fixeron hai anos pola auga nas escaleiras da Casa do Concello. Desde entón, considera que hoxe foi o día que máis acertado estivo por pedir a dimisión do Alcalde, o máis sensato que se



CONCELLO DE BEADE

P32011OOI

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

pode dicir desde a bancada da oposición. Trátase dun señor coa pel moi fina. En febreiro de 2023 colaborou co Partido Popular en cravarlle a un señor un coitelo. Viu a un ancián enfermo, a piques de perder unha Alcaldía, e viu unha oportunidade e prestouse. Unha persoa que se presta a colaborar para defenestrar a un Alcalde e arranxar o seu futuro inspíralle pouca confianza. Cando terminaron os 100 días de cortesía, o Alcalde levantou a voz e empezou a dar golpes cando a oposición comezou a facer o seu traballo. De paso que renuncia á Alcaldía, deixará de percibir uns ingresos que permitirán que neste Concello poida rebaixar o IBI e o resto de impostos. É un Alcalde caro e sen resultados.

Non vai incidir sobre cuestións que tamén traía e que xa foron comentadas pola compañeira de Avide.

O Alcalde vai chegar tan lonxe no PP. que vai recibir o mesmo trato que recibiu o seu antecesor. A quen ferro mata a ferro morre. Vai vir algún amigo seu que lle vai a cravar tamén o coitelo e experimentar a dor do anterior Alcalde do Partido Popular, que polo menos non se avergoñaba da súa ideoloxía.

Dise que hai un proxecto de centro de maiores municipal e rumoréase que xa está seleccionada a persoa que vai traballar nese centro de maiores.

Pregunta respecto á Festa do Portal. Que institución lle convidou e se a invitación foi a el só, aos membros do grupo de goberno ou a toda a Corporación. Porque en 2019 o Alcalde convidou á propia Carmen, como concelleira da oposición, e non levou a ningún familiar.

Felicita aos veciños de Beade polo seu traballo na extinción dos incendios, un modelo exemplar que está un pouco embazado porque se di que o Conselleiro, José González, acompañado do Alcalde de Beade, estaba a visitar unhas viñas a fin de semana dos incendios. Beade tamén foi visitado pola Conselleira de Medio Rural, polo que pregunta que achegou esa visita.

Terminadas as felicitacións ao pobo de Beade, indica que sente moi orgullosa de ser representante do pobo e que o Alcalde practica acoso ás mulleres que están en política, é un machista e un misóxino.

Tamén felicita á comisión de festas, que a recibiu a fin de semana dos incendios cos brazos abertos. A veciñanza de Beade trátaa cun agarimo inmenso e só ten boas palabras para os compañeiros de oposición e de goberno, a excepción do Alcalde. Pero é o que se pode esperar dun señor que fai a unha persoa maior o que lle fixo.

É Gabriela quen ten que ser Alcaldesa, a que puxo todo o que tiña ao dispor dos voluntarios. Demostrou ser unha auténtica líder e xestora. Gabriela foi a única Alcaldesa que recoñeceu e o único concelleiro que recoñeceu foi Jorge Alarcón. O alcalde fuxiu. Marchar é o mellor que pode facer polo pobo e por el. A ela ninguén lle ameaza; só recibe bos tratos.

A Alcaldía resposta o seguinte:

Aquí non se quere montar ningunha Casa do Maior polo concello. Non é un empregado do Concello. É algo parecido á Casa Niño, pero do Maior. A montaría un particular.



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

A invitación foi do Concello de Ribadavia. Convidaron só ao Alcalde. Pero como tocaba a ofrenda a Beade, asistiu o grupo de goberno.

Acudiron as Concelleiras de Medio Rural e de Medio ambiente a presentar as axudas polos incendios.

Non se considerá un machista nin misóxino, senón que trata por igual a home e mulleres. Tampouco un clasista.

Pregunta o Sr. Carreiro Estévez pola humanización da Praza da Oliveira, respondendo o Alcalde que se arranxou a praza, que se vai a poñer un banco e que resultou imposible plantar unha árbore. A humanización foi un termo imposto por Patrimonio para poder realizar a obra e Patrimonio aprobou a obra.

Neste momento da sesión, por parte da Alcaldía levántase a mesma, sendo ás catorce horas e corenta e cinco minutos, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,



Asdo.: Fernando Taboada Guntín.

O SECRETARIO,



Asdo.: Pablo Fernández Loureiro.